



**COMUNIDADE
DE MONTES DE TEIS**

Paradela, 71 - Telf. y Fax: 986 453 500
Telf. Movil: 606 548 308 - Teis 36216 Vigo

**CONVENIO DE COLABORACIÓN
ENTRE COMUNIDADE DE MONTES DE TEIS E PLAN COMUNITARIO DE TEIS
PARA O PROXECTO DE DIFUSIÓN MEDIOAMBIENTAL DO MONTE DA MADROA
NOS CENTROS EDUCATIVOS DE TEIS**

REUNIDOS

Dunha parte:

Dn. Manuel López Rodríguez, con DNI 36123646-F, como Vicepresidente da comunidade de Montes de Teis.

Doutra parte:

Dn. Basilio Aragón Castaño, con DNI 35903689-E, como Vicepresidente do Plan Comunitario de Teis.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan.

EXPOÑEN

1. Que as accións desenvolvidas para a difusión medioambiental do Monte da Madroa nos centros educativos por educadoras/es, amosanse como método máis axeitado de traballo para tal fin.

A Comunidade de Montes, diante das necesidades, relacionadas coa vertente educativo-pedagóxica a nivel medioambiental, ten iniciado accións para atendelas e dar a coñecer o entorno natural máis cercano: O monte veciñal da Madroa.

Promocionar o coñecemento e coidado do monte entre os nenos e nenas dentro do proceso educativo, ten sido un obxectivo primordial do deseño e posta en marcha de proxectos como o que se está a desenvolver.

Artellar unha estrutura que permita a implicación na valorización deste monte, tanto da comunidade educativa como das nais, pais, nenas e nenos, ten sido un obxectivo prantexado coa posta en marcha do proxecto referido. Precísase nembregantes, desenvolver estruturas complementarias mediante proxectos que consoliden o labor iniciado pola Comunidade de Montes de Teis.

2. As accións de carácter educativo e pedagóxico, en concreto as dirixidas aos e ás máis cativas,



COMUNIDADE DE MONTES DE TEIS

Paradela, 71 - Telf. y Fax: 986 453 500
Telf. Movil: 606 548 308 - Teis 36216 Vigo

téñense amosado como eficaces. Por esta razón, a experiencia desenvolvida nas entidades de participación centradas no traballo na comunidade, fan pensar na necesidade de continuar con ellas.

3. Nos Estatutos do Plan Comunitario de Teis, no seu artigo 5º, fanse constar entre os obxectivos a acadar: a) fomentar a interacción no barrio de todos os sectores sociais; e) desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación cultura e benestar; f) fomentar a participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten; g) realizar todo tipo de intervención lexítima para merrorar a calidade de vida dos cidadás.
4. A comunidade de Montes de Teis recoñece ao Plan Comunitario de Teis, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, amosando nas desenvolvidas con anterioridade en colaboración con esta e, pola súa participación en proxectos conxuntos coa Comunidade de Montese valoradas técnicamente pola Xunta Reitora.
5. Este Convenio queda excluído do ámbito de aplicación dos contratos.

E, segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente, as partes, capacidade para obrar e ñpara afrontar as accións motivo do convenio, acordan suscribir o presente acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira: Obxecto: O obxecto do presente convenio é a colaboración para o desenvolvemento dun proxecto complementario de educación medioambiental para a comunidade educativa e nenos e nenas de tres a doce anos dos centros de ensino do barrio de Teis.

Segunda: Finalidade: A finalidade do convenio é desenvolver, polo periodo de tempo que abarca o curso 2010/2011, unha serie de actividades centradas no apoio educativo a nivel medioambiental e a súa valoración e validación posterior.

Terceira: Funcións: As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido do traballo cos e cas nenas, así como co profesorado implicado, en particular no tocante a adaptación da Unidade Didáctica do Regato dos Banquetes ás características propias dos sectores poboacionais implicados, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de proxectar, desenvolver e avaliar as accións motivo do convenio.

Serán funcións do Plan Comunitario de Teis organizar, planificar, desenvolver, avaliar e cantas outras medidas sexan necesarias para a realización das accións conveniadas. Así mesmo, de buscar e solicitar, de ser o caso, dacordo coa Comunidade de Montes, vías de financiamento alternativas para garantir a continuidade do proxecto.



COMUNIDADE DE MONTES DE TEIS

Paradela, 71 - Telf. y Fax: 986 453 500
Telf. Movil: 606 548 308 - Teis 36216 Vigo

Vixencia:

Decimonovena: O Presente Convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 30 de Xullo de 2011.

De acordarse a continuación da colaboración entre ambas as dúas entidades asinantes no proxecto motivo da sinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte aos contidos de maneira significativa. De non ser así, bastará coa sinatura dunha Addenda tras ser realizados os trámites administrativos necesarios.

Acordo final:

Vixésima: Este convenio de colaboración entre a Comunidade de Montes de Teis e o Plan Comunitario de Teis, poderá ter algunha ampliación nos contidos, persoal asistente, etc., de acordarse así polos asinantes a traveso da Comisión de Seguimento, informados debidamente polos técnicos competentes das entidades, e sen que supoña aumento das cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo elo sen que sexa preciso a sinatura dun novo convenio, excepto no especificado na cláusulo decimonovena.

Estando dacordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Teis- Vigo, a 01 de setembro de dous mil dez.

Asdo.

Manuel López Rodríguez
Vicepresidente da C.M de Teis

Basilio Aragón Castaño
Vicepresidente do P.C de Teis

